



Concello de Cerdedo-Cotobade



D. Ernesto Filgueira Touriño

Voceiro Grupo Municipal

Bloque Nacionalista Galego

En Cerdedo-Cotobade a 27 de xullo de 2021

Benquerido Ernesto:

Recibo con sorpresa e preocupación a moción que presentas como voceiro do BNG ao vindeiro Pleno sobre o Parque Eólico dos Cotos polo que supón, pola túa banda, dunha clara e errónea ruptura unilateral da unidade de acción acordada cos veciños, comunidades de montes e demais grupos políticos municipais de ir xuntos da man e sen politizar este tema tan sensible. Precisamente para evitar iso, comprometímonos todos cos nosos veciños a levar adiante accións de consenso e común acordo a través da **COMISIÓN DE SEGUEMENTO**, da que formas parte xunto aos técnicos municipais, comunidades de montes, grupos políticos e veciños.

Non alcanzo a comprender esta actitude e prégoche que reconsideres a medida emprendida polo que supón de **vulneración do principio de unidade de acción da COMISIÓN DE SEGUEMENTO**, expresión práctica dos desexos e das peticións dos veciños de unirmos nunha fronte común, sen protagonismos políticos nin sectarismos que poideran empañar o obxectivo que nos une que non é outro que a defensa dos intereses dos nosos veciños e lugares.

Convídate a que canalicés esa moción a través da **COMISIÓN DE SEGUEMENTO** xa que é o lugar axeitado para debater calquera plantexamento e logo, si esa proposta acada o consenso axeitado na debandita Comisión, sexa elevada ao órgano que se considere oportuno, como o propio Pleno da Corporación Municipal.

De non ser así, verémonos na obriga de evidenciar este comportamento fraccionario que debilita a unidade de acción do noso pobo e actuar en consecuencia polo que volvo a solicitarche que reconsideres e retires a moción e remitas á **COMISIÓN DE SEGUEMENTO**.

Sen máis, saúdache

D. Jorge Cubela López

Alcalde-Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade

